



## **LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS ACADÉMICOS ESPAÑOIS NON UNIVERSITARIOS.**

A legalización de documentos que deben surtir efectos noutros estados é un proceso suxeito a convenios de carácter internacional, que consta de dúas fases: recoñecemento de sinaturas pola autoridade competente e, posteriormente, legalización propiamente dita polo Ministerio correspondente.

### **Normativa aplicable**

Normativa estatal: Orde do 16 de abril de 1990 (BOE do 19), sobre legalización de documentos académicos españois que han de producir efectos no estranxeiro.

Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia: Orde do 16 de marzo de 1999 (DOG do 9 de abril) sobre legalización de documentos académicos de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, que deben producir efectos no estranxeiro.

## **I. Recoñecemento de sinaturas:**

### **1. Órganos competentes.**

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente para recoñecer a sinatura dos títulos, diplomas e certificados correspondentes a estudos derivados da Lei Orgánica 1/1990, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) e da Lei Orgánica 2/2006, de Educación (LOE), que foran expedidos por ela. Este recoñecemento realízao a Subdirección Xeral de Centros da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Así mesmo, é competente para o recoñecemento das sinaturas das certificacións oficiais de estudos, así como dos Libros de Escolaridade, expedidas polos centros docentes situados en Galicia. Este recoñecemento realizarase pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria da provincia na que estea ubicado o centro educativo.

As sinaturas dos títulos, diplomas e certificados correspondentes ás ensinanzas derivadas da Lei Xeral de Educación de 1970 ou de sistemas anteriores a esta, expedidos polo Ministerio de Educación, corresponden ao propio Ministerio, e poden tramitarse na Alta Inspección de Educación do Estado en Galicia (Delegación do Goberno en Galicia – Praza de Ourense, núm. 11, 15071 A Coruña)

O recoñecemento de sinaturas dos documentos académicos privados (que non teñan carácter oficial) realizarase por vía notarial.

### **2. Requisitos dos documentos**

Os documentos serán oficiais e con validez en todo o territorio nacional.

Teñen que ser sempre orixinais.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Centros  
e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es



As certificacións académicas levarán a sinatura manuscrita e con indicación do nome completo e cargo da persoa que asina. Non se recoñecerán rúbricas asinadas por orde, autorización ou ausencia.

### **3. Lugar e forma de presentación.**

Os trámites pódense realizar, de xeito presencial ou por correo, nas seguintes dependencias administrativas:

#### **Títulos**

S.X. Centros (tfns. 981 54 65 20/ 981 54 65 24):

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Subdirección Xeral de Centros  
Sección de Títulos  
Ed. administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

#### **Certificacións académicas e libros de escolaridade:**

Xefatura Territorial de cada provincia

##### **A Coruña** (tfn. 981 184778):

Consellería de Cultura, Educación e OU  
Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Inspección Educativa  
Rúa Vicente Ferrer, 2  
15008 A Coruña

##### **Lugo** (tfn.982 294191):

Consellería de Cultura, Educación e OU  
Xefatura Territorial de Lugo  
Legalización de títulos  
Ronda da Muralla, 70  
27071 Lugo

##### **Ourense** (tfn.988 386658):

Consellería de Cultura, Educación e OU  
Xefatura Territorial de Ourense  
Servizo de Inspección Educativa  
Rúa do Concello, 11  
32003 Ourense

##### **Pontevedra** (tfn. 986 805945/44/46)

Consellería de Cultura, Educación e OU  
Xefatura Territorial de Pontevedra  
Sección Ensino Secundario  
Rúa Fernández Ladreda, 43, 7º  
36003 Pontevedra



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Centros  
e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es



Presencial: O recoñecemento da sinatura realizarase en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. É necesario contactar previamente cos números de teléfono indicados con anterioridade para confirmar a dispoñibilidade, así como para consultar os requisitos específicos en cada caso.

Por Correo: Tamén se pode enviar a documentación por correo. Neste caso, xunto cos documentos deberá achegarse escrito cos datos persoais e teléfono de contacto do solicitante, indicando o país no que debe surtir efecto o documento, así como o enderezo ao que desexa que se lle devolvan os documentos unha vez recoñecida a sinatura, segundo o modelo que se achega como Anexo.

En ambos casos, **o trámite é gratuito.**

## II. Legalización

Unha vez realizado o recoñecemento de sinaturas, o seguinte trámite, a realizar pola persoa interesada, é remitir os documentos á Administración Xeral do Estado para a súa legalización. Hai que distinguir dous supostos:

1. Documentos con destino a países signatarios do **Convenio de la Haya, de 5 de outubro do 1961**. Remítense ao **Ministerio de Xustiza**, ao seguinte enderezo:

**Ministerio de Justicia**  
**Sección de Legalizaciones**  
**Oficina Central de Atención al Ciudadano**  
**C/ Bolsa, 8**  
**28012 Madrid**  
**Tfn. 902 007 214 / 91 837 22 95**

Tamén se pode realizar este trámite no **Tribunal Superior de Justicia de Galicia**, no seguinte enderezo:

**Tribunal Superior de Xustiza de Galiza**  
**Pza. de Galiza, s/n (Palacio de Justicia)**  
**15071 A Coruña**  
**Tfn. 981 18 22 98**

2. Documentos con destino a países NON signatarios do **Convenio de la Haya**. Remítense ao **Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación** (e, posteriormente, hai que presentalos na embaixada ou consulado do país de destino):

**Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación**  
**Sección de Legalizaciones**  
**C/ Juan de Mena, 4**  
**28014 Madrid**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Centros  
e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



**Tfn. 91 379 16 55**